





PROTOCOLO PARA A REALIZACIÓN DE EXAMES UNIVERSITARIOS NA REDE CEMIT



Maio 2020



Para poder realizar os exames das facultades galegas nunha aula CeMIT segue estes pasos:

Rexistro

Rexístrate coma usuario/a da Rede CeMIT na Web de CeMIT premendo no botón "Alta nova/o usuaria/o", ou directamente na URL:

<https://aulascemit.xunta.es/usuarios/spring/usuarios>

Ao finalizar o proceso, remitirásese un correo electrónico coa confirmación da alta e o nome de usuario e o contrasinal.

Reserva de praza

Solicita a túa reserva de praza para poder realizar o exame na aula da localidade que máis che interese con máis dunha semana de anticipo:

- Accede a <https://cemit.xunta.gal/buscador>
- Inclúe no buscador "Conectividad - Exame para universitari@s" e preme na lupa para buscar. Tamén podes filtrar por centro, por localidade, etc.
- Unha vez atopada a convocatoria de exame na localidade, día e hora correcta, selecciona o botón "Reservar".

(Esta opción estará habilitada sempre que haxa prazas dispoñibles)

- Introduce o teu usuario e contrasinal facilitados no correo electrónico durante o proceso de alta realizado no apartado de rexistro.
- Preme en "Solicitud de inscrición".

(Recibirás un correo cunha notificación coa solicitude de matrícula)

Aceptación da solicitude

Agora tan só agarda a que o responsable da aula CeMIT acepte a túa solicitude.

Ante calquera dúbida, contacta co Axente TIC por teléfono ou correo electrónico dispoñible na seguinte ligazón: <https://cemit.xunta.gal/centros>

Acudir á aula

Unha vez aceptada a solicitude poderás presentarte na aula para realizar o exame:

- Coas medidas de seguridade recomendadas: mantendo as distancias de seguridade de 2 metros, empregando luvas e máscara propias e realizando unha hixiene de mans adecuada.
- Co equipamento propio para a realización do exame: portátil, tablet, ou dispositivo que dispoña dos requirimentos necesarios para realizar o exame.
- Co teléfono móbil para poder darte de alta para o uso da rede Wifi da Xunta de Galicia.
- Con auriculares para non molestar ao resto de usuarios/as no caso de que a proba a realizar conteña audio.

Lembra acudir con 30 minutos de adianto á proba do exame para poder conectar á rede o equipamento e facer as comprobacións oportunas.

Se téis calquera dúbida ou problema, contacta con Oficina CeMIT no correo cemit@xunta.gal ou no teléfono 981 91 03 59